

## TEATRO



**Noite de Reis. Ou o que queirades**  
**W. Shakespeare**  
**Quico Cadaval. Centro Dramático Galego**

Disfrutaremos dun espectáculo no que os personaxes cambian de identidade a través do uso de disfraces que terminan por perderse ante a chegada do amor.

## PÁXINAS WEB DE ARTE

**MUSEO DO PRADO:** [www.museodelprado.es](http://www.museodelprado.es)

Ofrece información en doce idiomas e ten unha galería virtual con acceso a 1000 obras e información sobre 1600 artistas.

**MUSEO DO LOUVRE:** [www.louvre.fr](http://www.louvre.fr)

Ten unha sección de obras baixo lupa que axuda a examinar as obras con todo detalle e coa aplicación sonora descubrimos detalles impensables.

**MUSEO BRITÁNICO:** [www.britishmuseum.org](http://www.britishmuseum.org)

Podemos visitar desde aquí todos os seus fondos e preguntar ós expertos sobre as obras do museo.

**MUSEO HERMITAGE:** [www.hermitagemuseum.org](http://www.hermitagemuseum.org)

Ademáis de poder visitar o maior museo do mundo, ten unha aplicación coa que podemos rastrexar as obras por cores, así podemos seleccionar, por exemplo, que cadros teñen un determinado azul.

## MICRORRELATOS DE NADAL

### Tanta neve

*De todos os traballos no belén, eu adoeecía polo de espallar neve de fariña sobre musgos e casiñas de cortiza. Quen me dera non ser tan xenerosa coa fariña! Desde que meu pai se anoxou, transformándome en pastora duns centímetros, vivo en perpetuo arregoizo.*

### Querido lixo

*O nadal, entre tantos meses, era o seu preferido, co consumo rebordando nos envurullos de papel multicolor, os plásticos acolchados, as inútiles caixas de cartón. Escravellando nos lixos armaba con eles suntuosos leitos no túnel do metro.*

**Marilar Aleixandre**

Publicado en: [www.album05.com](http://www.album05.com)

## Nadal...

## bo tempo para a lectura!

**Biblioteca les Sanxenxo**




**GUÍA LECTURAS nº 5**  
**Decembro 2007**



## Nadal de libros, cine, teatro, museos...


## LITERATURA Novidades



*O único que queda é o amor.*

**Agustín Fernández Paz**

Como o mesmo Agustín anuncia nalgunhas das súas historias, nunca sabemos até que punto un pequeno acontecemento cotián pode darlle a volta ao día ou mesmo facer mudar a nosa vida enteira.




Coincidindo co estreo cinematográfico de *La brújula dorada*, FAKTORIA K vén de publicar a versión galega da novela na que está baseada *A aurora boreal*, do británico P. Pullman. A primeira parte da triloxía obtivo a Medalla Carnegie en 1995 á mellor obra xuvenil.



*O neno do pixama á raias* vén precedido por un gran éxito en Irlanda. Conta a experiencia de Bruno, fillo dun oficial nazi, que é destinado a un campo de concentración. Unha boa narración, construída con delicadeza.

## LITERATURA Tema navideño



*El misterio de Navidad*

**Jostein Gaarder**


Como sempre sucede nos libros de Gaarder, éste encerra misterio e historias dentro das historias, como pequenas caixas que imos abrindo. Neste caso, cada ventá do calendario será... un precioso agasallo prenavideño.



*El cuento de Navidad de Auggie Wren.*

**Paul Auster**

Ó ler este conto, o director de cine Wayne Wang propúsolle a Auster que escribira o guión dunha película. Desta experiencia xurdeu *Smoke* que ten como final este conto.



*Canción de Navidad*

de **Dickens** foi unha das máis lidas no seu tempo. Conta como o avaro **Mr. Scrooge** é insensible ante toda beleza que non sexa a dos cartos.

## CINE HISTÓRICO



*El Cid, A lenda.*

**Dirección:** José Pozo

**Xénero:** histórico

**Tipo:** animación

En galego, conta as andanzas de **Rodrigo**, heroe medieval. Mellor película de animación nos XVIII Premios Goya, 2004.

Para saber máis:  
[www.culturagalega.org/avg/produccion.php](http://www.culturagalega.org/avg/produccion.php)



*La reina Margot.*


**Director** Patrice Chéreau

**Xénero:** Drama

**Intérpretes:** Isabelle Adjani, Daniel Auteuil.

Narra as loitas de relixión entre hugonotes e católicos na Francia do S.XVI.

Foi Premio do Xurado en Cannes 1994.



*Braveheart*

Dirixida e interpretada por **Mel Gibson** obtivo 5 Óscar.

William Wallace, é un heroe da independencia escocesa que loita contra o poder dos señores feudais.